

VALORES DE CUM

1. **Preposición:** *cum* + abl. = “con” → *Consul cum militibus venit*: O cónsul veu cos soldados / El cónsul vino con los soldados.
2. **Conxunción coordinante:** ten que aparecer tamén *tum* → *cum ... tum* = “non solo ... senón tamén” / “no solo ... sino también”
3. **Conxunción:**
 - **Valor temporal:** *cum* + indicativo = “cando / cuando” → *Cum Caesar in Galliam venit, principes erant Haedui et Sequani*: Cando César chegou á Galia, os xefes eran os heduos e os secuanos / Cuando César llegó a la Galia, los jefes...
A expresión *cum primum...* (= “tan pronto como...”) tamén ten un valor temporal.
 - **Valor causal:** *cum* + presente ou perfecto de subxuntivo = “posto que, puesto que” → *Cum ea ita sint, Caesar ex castris copias suas educit*: Posto que as cousas son así, César saca as súas tropas do campamento / Puesto que las cosas son así, César..
 - **Valor concesivo:** *Cum* + subjuntivo; na oración principal habitualmente aparece o adverbio *tamen* (= “porén / sin embargo”). Este *cum* tradúcese por “aínda que / aunque” → *Leonidas cum victoriam non speraret, tamen usque ad mortem pugnavit*: Leónidas, aínda que non esperaba a victoria, porén loitou ata a morte / Leónidas, aunque no esperaba la victoria, sin embargo luchó hasta la muerte.
 - **Cum histórico:** ten un valor temporal-causal. Podemos atoparnos con:
 - *Cum* + imperf. de subj. = “ao + infinitivo / al + infinitivo / xerundio” → *Populus romanus, cum uxores non haberent, mulieres Sabinas rapuit*: O pobo romano, ao non ter / non tendo esposas, raptou as mulleres sabinas --- El pueblo romano, al no tener / no teniendo esposas, raptó a las mujeres sabinas.
 - *Cum* + pluscuamperf. de subj. = “ao + perífrase (ter + participio) / tendo + participio / al + infinitivo compuesto (haber + participio) / habiendo + participio” → *Romani, cum accepissent duas clades, exercitum auxerunt*: Os romanos ao teren recibido / tendo recibido dúas derrotas, aumenaron o exército --- Los romanos, al haber recibido / habiendo recibido dos derrotas, aumentaron el ejército.